

Seguro que foi un trasno

A escola de Briador · Antonio Reigosa · Everest, 2006 120 páx. · 6,75 euros

O inspector xefe de policía da Parroquia ten un grave problema familiar: a súa filla apareceu *enxertada*, e como a rapaza xura e perxura que ela non fixo nada, o pai pensa que detrás deste feito insólito pode andar agachado algún trasno. É por iso que acode a pedirlle axuda a Briador, por consideralo un trasno respectado e sabio.

A tarefa non é fácil e Briador argalla nomearse Trasnó Maior da Parroquia e reunir así a todos os da súa raza para ver se é quen de descubrir o culpable. Para iso crea unha escola na que os trasnos van lembrar as mañas xa esquecidas ou aprendelas se é o caso. A partir deste momento, vánsenos contando en pequenos capítulos as historias de moitos destes seres, imaxinarios para uns e moi reais para outros. Coñecemos da preguiza dos Xans, aos que Deus (por despiste) non lles deu ganas de traballar, pero si lles deu agudeza para protexerse dos caciques que tanto abundan no mundo dos trasnos; a historia da trasna Teolinda e do seu home ao que lle gustaba a pinga máis do desexado; de como Facundo fixo para poder pasar á posteridade como o primeiro trasno que está no ceo...


Preséntasenos toda a historia baixo a aparencia dun diario, o dos cinco días que funciona a escola de Briador. Cada día toma a palabra un personaxe para contar a súa historia ou a dalgún dos seus conxéneros.

Ao final de cada xornada aparece unha carta que Briador lle dirixe ao preocupado inspector informándoo dos seus avances na investigación e solicitándolle lambetadas en pago dos seus esforzos. Os trasnos son, si, realmente uns auténticos larpeiros que morren polos doces, pero entremetres o misterio vai perdendo relevancia e ao final poderíamos chegar a preguntarnos que foi o que pasou coa filla do inspector.

Antonio Reigosa retrata amablemente as reivindicacións e denuncias do mundo dos trasnos que ben se poderían trasladar ao dos humanos. Atopamos pois unha protesta subliminar polo uso e abuso que facemos da televisión que nos apampa e non nos deixa entrar no país da imaxinación; reivindica os nosos seres máxicos porque por desgraza ata niso o de fóra é mellor có autóctono; roña polas modas estéticas que afectan estes pequenos seres que tamén poñen pendentes ou mesmo pasan pola cirurxía como se tal cousa para eliminaren os seus corniños característicos... e pide que se conserve a fala trasna, que non é a dos pailáns como moitos poden pensar, senón a que se falaba noutros tempos.

Se cadra, por veces é demasiada a carga didáctica que transmiten os pequenos capítulos, que semellan meras escusas para tocar temas que afectan os nosos mundos trasno e humano.

Noemil López é a encargada de poñerlle cara aos personaxes, que de certo presentan unha imaxe admirable nuns preciosos debuxos nos



Por veces é demasiada a carga didáctica que transmiten os capítulos, que semellan escusas para tocar temas que afectan os nosos mundos trasno e humano.

que destacan as cores e a sensación de volume. Sorprenden unhas figuras moi osudas con grandes narices e non pequenos dentes, que para nada dan medo. Ao contrario, transmiten unha imaxe riquiña aínda que no fondo saibamos que o seu é argallar e maquirar maneiras de facerlles a vida imposible ás persoas.

// Ana Amado